

Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación da explotación.  
Nome  
Código de identificación  
Enderezo  
Código postal  
Localidade  
Localización  
Provincia

Carácter do transvasamento: temporal (para qué período) ou definitivo (a partir de qué período).

Motivación do transvasamento.

Dirección do transvasamento.

Cantidade que se vai transvasar: indicárase se é da totalidade da cota asignada para cada natureza (VI ou VD), ou a cantidade expresada en kg, no caso de que se transvase só parte da cota asignada para cada natureza (VI ou VD).

Cota para entrega a compradores anterior ó transvasamento.

Cota para vendas directas anterior ó transvasamento.

Cota para entrega a compradores despois do transvasamento.

Cota para vendas directas despois do transvasamento.

O solicitante expón que:

Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre o transvasamento de cotas.

Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 6047** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 99/2003, do 24 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo. («BOE» 73, do 26-3-2003.)*

Advertidos erros no Real decreto 99/2003, do 24 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega; do 1 de marzo de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 639, primeira columna, no primeiro parágrafo do preámbulo, onde di: «...Directiva 91/155/CEE da Comisión, modificada...», debe dicir: «...Directiva 91/155/CEE da Comisión, do 5 de marzo de 1991, modificada...».

Na páxina 639, primeira columna, substitúese o segundo parágrafo do preámbulo polo seguinte: «Recentemente publicouse a Directiva 2001/58/CE da Comisión, do 27 de xullo de 2001, que modifica por segunda

vez a Directiva 91/155/CEE, pola que se definen e fixan as modalidades do sistema de información específica respecto ós preparados perigosos, e na que se establece unha nova guía para a elaboración das fichas de datos de seguridade. A súa aplicación permitirá mellora-los criterios técnicos que deben utiliza-los responsables da comercialización dunha substancia química para elabora-las citadas fichas.»

Na páxina 639, segunda columna, tralo terceiro parágrafo do preámbulo debe aparecer un cuarto coa seguinte redacción: «Na elaboración deste real decreto oíronse os sectores afectados.»

Na páxina 639, segunda columna, na fórmula promulgatoria, onde di: «...de Ciencia e Tecnoloxía, oídos os sectores afectados, de acordo co Consello de Estado...», debe dicir: «...de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado...».

Na páxina 639, segunda columna, no número 2 do artigo único, debe dicir: «O texto do anexo XI do Regulamento sobre notificación de substancias novas, clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas substitúese polo texto do anexo deste real decreto.»

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

- 6049** *CORRECCIÓN de erratas da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 73, do 26-3-2003.)*

Padecidas erratas na inserción da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 1 de marzo de 2003, transcríbense a seguir as oportunas rectificacións:

Na segunda parte do anexo III, páxina 709, número de orde 62, columna (B), onde di: «Musketone», debe dicir: «Musk ketone».

Na páxina 710, primeira parte do anexo VII, número de orde 26, columna (b), onde di: «Dimethicoldiehyllbenzal malonate», debe dicir: «Dimethicodiethylbenzal malonate».

## XEFATURA DO ESTADO

- 6240** *LEI 4/2003, do 27 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 13.800.073,02 euros, para atende-lo pagamento da débeda da Confederación Hidrográfica del Tajo con Unión Eléctrica Fenosa, S.A. («BOE» 75, do 28-3-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a habilitar los recursos necesarios para que a «Confederación Hidrográfica del Tajo» poida aboar-la débeda que ten pendente de pagamento con Unión Eléctrica Fenosa, S.A., e os xuros correspondentes.

A orixe da débeda é a seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, na súa sentenza número 257, do 2 de marzo de 1999, estima o recurso interposto por Unión Eléctrica Fenosa, S.A., contra a resolución presunta da «Confederación Hidrográfica del Tajo», que desestima por silencio administrativo o recurso de reposición interposto contra o acordo da dita Confederación de petición de xuros de demora no pagamento de determinadas facturas, condenando a Administración do Estado («Confederación Hidrográfica del Tajo») a que lle aboe á recorrente a suma de douscentos corenta e cinco millóns cincocentas noventa mil catrocentas oitenta e nove pesetas (245.590.489 pesetas) (1.476.028,57 euros), maillos xuros do artigo 45 da Lei xeral orzamentaria.

A sentenza número 888, do 10 de outubro de 2000, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, estima o recurso interposto por Unión Eléctrica Fenosa, S.A., contra a denegación presunta por silencio administrativo da «Confederación Hidrográfica del Tajo», pola que non se atende a petición presentada pola citada entidade e condena a Administración do Estado a lle aboar á recorrente a suma de setecentos trinta e oito millóns cincocentas vinteoito mil cincocentas dez pesetas (738.528.510 pesetas) (4.438.645,74 euros), recoñéndolle á recorrente o dereito á percepción dos correspondentes xuros de demora.

O mesmo Tribunal e Sala, Sección Oitava, na súa sentenza número 56, do 26 de xaneiro de 2000, estima o recurso contencioso-administrativo interposto por Unión Eléctrica Fenosa, S.A., contra a denegación presunta da reclamación formulada á «Confederación Hidrográfica del Tajo» do pagamento de varias facturas, por importe total de douscentos oitenta e seis millóns setecentas cincuenta e oito mil dúascentas corenta e oito pesetas (286.758.248 pesetas) (1.723.451,78 euros) declarando a procedencia do seu pagamento, incrementando esta cantidade nos xuros de demora.

Independentemente, están pendentes de pagamento a Unión Eléctrica Fenosa, S.A., tres facturas por valor de trescentos cinco millóns novecentas noventa e tres mil noventa e tres pesetas (305.993.093 pesetas) (1.839.055,52 euros), non incluídas nas sentencias anteriores, segundo recoñece expresamente a Confederación Hidrográfica del Tajo.

Tanto a débeda ó pagamento da cal resulta obrigada a Administración do Estado, en cumprimento das sentencias mencionadas, como as facturas aludidas no parágrafo anterior, corresponden a servizos prestados por Unión Eléctrica Fenosa, S.A., pola elevación de auga á cabeceira do acueducto Texo-Segura.

Coa finalidade de atender as obrigas mencionadas, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédeselle un crédito extraordinario, por importe de 13.800.073,02 euros á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», «Transferencias entre subsectores», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 41 «A organismos autónomos», concepto 414 «A

«Confederación Hidrográfica del Tajo» para o pagamento da débeda con Unión Eléctrica Fenosa, S.A.».

O crédito extraordinario a que se refire o parágrafo anterior reflectirase no orzamento do organismo autónomo 23.234 «Confederación Hidrográfica del Tajo», nos termos seguintes:

#### Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe en euros
Artigo 40 Concepto 400	Da Administración do Estado. Do departamento ó que está adscrito.	13.800.073,02
Total ingresos .....		13.800.073,02

#### Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe en euros
Programa 512A Artigo 22 Concepto 229	Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos. Material, subministracións e outros. Para pagamento da débeda a Unión Eléctrica Fenosa, S.A., por subministración de enerxía eléctrica, incluídos xuros de demora.	13.800.073,02
Total gastos .....		13.800.073,02

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

#### Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede, na cantidade necesaria para aboar-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ